

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 29 DE SETEMBRO DE 2021.**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e nove de setembro de 2021, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.<sup>a</sup> MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ e D.<sup>a</sup> MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

### **ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS**

**1. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.-** Acórdase a primeira prórroga do contrato que vai dende o día 19-08-2021 ata 18-08-2022 na contratación da subministración de emulsión bituminosa para o mantemento de toda a rede de camiños municipais. (Expte. ref. 2019-001.

Acórdase a aprobación da primeira prórroga da contratación da coordinación de seguridade e saúde para a execución da reparación na rede de saneamento no Concello de Lugo. Expdte ref: 2020/C003/000043.

Así mesmo, acórdase a aprobación da primeira prórroga para a coordinación de seguridade e saúde do servizo de reparación, conservación e mantemento das instalacións deportivas municipais. Expdte ref: 2020/C003/000047.

Acórdase aprobar a solicitude á Deputación Provincial de Lugo da cesión dun tramo aproximado de 703 metros da estrada provincial LU-P-2911, denominada rúa Fermín Rivera.

**2. PERSOAL.-** Acórdase a atribución temporal de funcións de adxunto de servizo de arquitectura.

### **ÁREA DE SOSTIBILIDADE URBANA**

**3. XESTIÓN.-** Acórdase a resolución recurso de reposición "ruína técnica Calzada das Gándaras, 154". R-172.

Tamén se acorda a resolución recurso de reposición "ruína técnica Calzada das Gándaras, 160". R-173.

## ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refº: ispac8459686018156185383.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-9-2021

Así mesmo, acórdase a resolución recurso de reposición "ruína técnica Calzada das Gándaras, 162". R-174.

Tamén se acorda a resolución recurso de reposición "ruína técnica Calzada das Gándaras, 164". R-175.

**4. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a concesión da licenza urbanística para rehabilitación de cuberta de edificio existente e obras para a conservación e o mantemento dunha vivenda existen en no baixo cuberta, na avda. da Coruña, número 176 (2021/Y001/000219).

Acórdase denegar a licenza urbanística para reforma e ampliación de vivenda unifamiliar na rúa Santo Domingo de la Calzada, número 11 (Expte: 2020/Y001/000313).

Tamén se acorda conceder a licenza urbanística para reforma de todo o edificio e ampliación en planta baixa, para uso de garaxe en planta baixa e vivenda en plantas altas, na rúa Estaca de Bares, número 8, (Expte: 2020/Y001/000011).

Así mesmo, acórdase denegar a licenza urbanística para desmontaxe de vivenda existente e execución de nova vivenda unifamiliar, na rúa san eufrasio número 208, núcleo rural de Xuíz (Expte: 2020/Y001/000275).

Acórdase a toma razón do auto número 78/2021, adoptado polo Xulgado do Contencioso-administrativo, número 2, no recurso contencioso administrativo nº 183/2021 contra a desestimación por silencio administrativo no requerimento de revisión de oficio e a anulación da resolución da Xunta de Goberno Local de 13 de xaneiro de 2021, en legalización de edificación existente para extracción de mel e almacén de aperos, na edificación que se atopa en a Brea. (Expte: 30/2018).

## **ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL**

**5. DEPORTES.-** Acórdase a adjudicación de bolsas de axudas económicas individuais para persoas con talento deportivo-exercicio 2021.

### **Fora da orde do día**

- Aprobación da solicitude de participación (proxecto - "zero emisiones: centro corazón verde), da dotación orzamentaria e dos compromisos técnicos e financeiros, dentro do "Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia, e apróbase e publícase a convocatoria correspondente ao exercicio 2021".

- Aprobación da “solicitude 2” de participación (proxecto - “zero emisiones: arteria verde), da dotación orzamentaria e dos compromisos técnicos e financeiros, dentro do “Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbán, no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia, e apróbase e publícase a convocatoria correspondente ao exercicio 2021”.

**Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**